



Documento de inicio PXOM DE CAMARIÑAS



1.	XUSTIFICACIÓN:	3
2.	OS OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN.	3
2.1.1.	ÁMBITO TERRITORIAL DO PXOM.	5
3.	BREVE DIAGNOSE DA SITUACION ACTUAL.	6
3.1.	DIAGNOSTICO DO ESTADO INICIAL DO TERRITORIO.	6
3.1.1.	Aspectos socioeconómicos: poboación, actividade económica e usos do territorio.	6
3.1.2.	Respecto a xeoloxía, xeomorfoloxía e solos.	7
3.1.3.	Respecto a Hidroloxía:	8
3.1.4.	respecto as infraestruturas.	8
3.1.5.	Respecto os Elementos bióticos:	9
3.1.6.	Protección do patrimonio natural.	10
3.1.7.	Conclusións.	11
4.	FUNCIÓN DO PLANEAMENTO E PROBLEMÁTICA A RESPOSTAR.	13
5.	MARCO NORMATIVO.	14
5.1.	Normativa europea.	14
5.2.	Normativa estatal española.	15
5.3.	Normativa galega.	16
6.	O ALCANCE E CONTIDO DA PLANIFICACIÓN.	17
6.1.	En relación coas alternativas.	17
6.2.	tipos de medidas incluídas no planeamento.	18
6.3.	os efectos ambientais previsíbeis.	20
6.3.1.	Impactos de ocupación.	20
6.3.2.	Impacto de sobreexplotación	21
6.3.3.	Impactos de contaminación.	21
6.4.	avaliación comparativa dos efectos previsibles.	21
7.	PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADAS.	25
7.1.	os efectos previsíbeis sobre os elementos estratéxicos do territorio, e sobre a planificación relacionada.	26
8.	PROCESOS A SEGUIR PARA A ELABORACIÓN DO plan.	28



1. XUSTIFICACIÓN:

A recente LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas establece a obrigatoriedade (no seu Artigo 18) de comunicar á Consellería de Medio Ambiente o inicio da tramitación dun Plan ou Programa e así mesmo establece que dita comunicación (de inicio) debe ir acompañada dun documento que avalíe os seguintes aspectos.

- 1) Os obxectivos da planificación.
- 2) O alcance e contido da planificación, das propostas e das súas alternativas.
- 3) O desenvolvemento previsible do Plan ou Programa.
- 4) Os efectos ambientais previsibles.
- 5) Os efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables.

Nembargantes a Consellería de Medio Ambiente no seu escrito de 19/9/2006 solicita maior información para o inicio da tramitación, que se irecolle no presente documento.

O presente escrito da cumprimento a dito artigo ao informar do comezo da tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM) do concello de Camariñas.

Dito Plan contratouse á empresa CONSULTORA GALEGA SL con data de 11/11/2003.

2. OS OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN.

Os PXOM son documentos que se redactan ao abeiro da LEI 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia, coas modificacións derivadas da lei 15/2004 do 29 de decembro (no sucesivo LOUPMRG).

A citada lei establece como fins da actividade urbanística en desenvolvemento, dous principios enunciados nos artigos 45, 46, e 47 da Constitución, os seguintes (Artigo 4) (sinalamos en negra aqueles que presentan maior carga medio ambiental):



- Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade, garantindo o cumprimento das obrigas e cargas legalmente establecidas.
- Impedir a desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectados e impoñer a xusta distribución deles.
- Asegurar a participación da comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.
- **Preservar o medio físico, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia.**
- **Harmonizar as esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.**
- Velar para que a actividade urbanística se desenvolva promovendo a máis ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando, en todo caso, a participación dos cidadáns e das asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses e valores.
- **Conseguir a integración harmónica do territorio e protexer os valores agrarios, forestais e naturais e a riqueza e variedade arquitectónica, fomentando o emprego das formas constructivas propias das diversas zonas e garantindo a súa integración no medio rural.**
- **Fomentar a ordenación e mellora dos núcleos rurais, evitando a degradación e a perda das construcións tradicionais, favorecendo o uso e desfrute do medio rural.**
- Exercer as competencias das administracións públicas de acordo cos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de garantir a plena aplicación e eficacia da normativa urbanística.

O planeamento que se vai acometer fai seus estes obxectivos e ademais desenvolve os seguintes obxectivos complementarios cos anteriores:

- A procura da maior calidade de vida posible é o obxectivo prioritario que informa a redacción do presente PXOM de Camariñas.



- A procura dunha ordenación que sen alterar grandemente o modelo tradicional preexistente, faga concordar o sistema tradicional de asentamentos coas necesidades e demandas de carácter positivo, detectadas hoxe en día, tentando que se favoreza o acaemento entre esa ordenación e o conxunto de posíbeis roles novos sobre dos que existen fundadas expectativas de que poida xogar Camariñas no futuro máis ou menos inmediato, concretadas nunha explotación económica acaída do patrimonio natural e cultural.
- O planeamento haberá de perseguir a conservación e mellora da parroquia coma institución básica da convivencia cotián, procurando ata onde humanamente sexa posible o mantemento da poboación no territorio, respectado a súa distribución descentralizada e xerárquica.
- Procurar que se manteña, agás nos casos nos que non sexa posible, a multifuncionalidade e a superposición de usos do solo, ordenando harmonicamente as novas implantacións e corrixindo as disfuncionalidades que se aprecien.
- Resolver, mercé a disposición de canles axeitadas, todos os problemas que orixinará o cumprimento das expectativas que se depositaron nos novos roles do territorio.
- Protección dos recursos e espazos naturais e tamén o patrimonio histórico-artístico, etnográfico e cultural.
- Ofrecer un documento normativo completo e doado de aplicar, así coma un sistema de xestión urbanística, conforme coa capacidade económica e técnica do Concello, utilizando racionalmente os mecanismos legais para a obtención das dotacións públicas e reparto de cargas e beneficios.

En resumo: o planeamento de Camariñas que agora se tramita, debe ter coma norte o establecemento dun modelo que, sen renunciar a unha auténtica modernidade, preserve os valores esenciais do territorio (naturais e artificiais) facilite unha explotación racional dos recursos tradicionais, e valorice novos recursos, cuxa explotación demanda, igualmente, esa protección. E todo elo, como medio de acadar unha mellora da calidade de vida para o conxunto da súa poboación.

2.1.1. ÁMBITO TERRITORIAL DO PXOM.



O ámbito territorial do presente PXOM e o territorio completo do concello de Camariñas, que ten dunha superficie aproximada de 5.085 Ha.

O concello de Camariñas sitúase na comarca da Terra de Soneira, que está situada no Oeste da provincia de A Coruña e limita ao Norte coa comarca de Bergantiños e co océano Atlántico, ao Sur coas comarcas de Fisterra e de Xallas, ao Oeste co océano Atlántico e ao Leste coas comarcas de Bergantiños e de Xallas.

O concello de Camariñas limita ao Norte co océano Atlántico e cos concellos de Laxe e Vimianzo, ao Sur co Atlántico e a ría de Camariñas, ao Oeste de novo co océano Atlántico e ao Leste co río Grande e co concello de Vimianzo, polo tanto o PXOM pode afectar tamén a estes concellos ou espazos limítrofes.

3. BREVE DIAGNOSE DA SITUACION ACTUAL.

3.1. DIAGNOSTICO DO ESTADO INICIAL DO TERRITORIO.

3.1.1. Aspectos socioeconómicos: poboación, actividade económica e usos do territorio

O municipio de Camariñas ten unha extensión de 5182 Ha. e unha poboación de 6747 habitantes (cifras do INE referidas o 1/1/01).

Camariñas é o principal núcleo con mais de 3000 habitantes e abrigado na ría do seu mesmo nome e o núcleo de Porto no fondo da ría. Na norte do municipio na costa aberta están os núcleos de Camelle e Arou e o resto dos núcleos do concello teñen menos de 50 habitantes e 8 entre 101 e 500 habitantes. A pesar das grandes zonas deshabitadas no territorio a densidade de poboación é de 123.7 hb/Km², moi superior a media comarcal (71.6 Hb/Km²) e un pouco máis baixa ca provincial (137.9 hb/Km²) e superior a media galega (92,5 hb/Km²). A lonxanía dos centros urbanos potenciou o comercio e os servizos sociais.

Pertence a Comarca de Terra de Soneira, xunto cos concellos de Vimianzo e Zas. E presenta unha estrutura da poboación comarcal cunha idade media de 41.3 e un índice de envellecemento de 112.69 cando a idade media provincial é de 40.7 e o índice de envellecemento de 110.51.



A principal fonte de riqueza de camariñas son a pesca e o marisqueo, conta cun importante porto pesqueiro, o sexto da provincia polo volume de capturas. Os cantís son óptimos para o percebe. Existe unha conserveira e unha planta acuícola en cabo Vilán próxima a empezar a funcionar.

A agricultura e gandería no concello só representan funcións complementarias, que apreciase pola escasa dimensión das explotacións. Segundo os datos subministrados por F. Díaz-Ferros e F. Gil Solves na publicación: "Capacidad productiva de los suelos de Galicia" para Camariñas o 25.39 % das terras do presentan unha boa capacidade agrolóxica. O uso predominante da terra é o forestal e en moitos casos forestal non arborado. Segundo os datos de usos e aproveitamentos as repoboacións de piñeiras e eucaliptais ocupan o 48% das terras e o mato o 27% da superficie.

Adquire cada vez máis importancia o turismo atraído polos múltiples atractivos naturais, paisaxísticos, botánicos, zoolóxicos, pola tranquilidade e pola artesanía do encaixe de bolillos, que é tamén un importante complemento á economía local e que no último lustro experimentou un importante desenvolvemento. A mostra do Encaixe de Bolillos, celebrada anualmente, contribuíu notablemente ó incremento de visitantes.

3.1.2. Respecto a xeoloxía, xeomorfoloxía e solos.

A comarca está organizada polo val do río Grande que ten un percorrido de leste o oeste, ata a súa desembocadura na ría de Camariñas. O limite setentrional fórmano unhas pequenas elevacións que actúan de divisoria de augas co río Anllóns e polo tanto coa comarca de Bergantiños; polo leste é a meseta do Xallas a unidade do relevo que fai limite, separándoo da cunca do citado río (o Xallas), polo sur o limite coa comarca de Fisterra é o pequeno interfluvio que actúa de divisoria de augas entre a conca do río Grande e os que verten directamente o mar.

A litoloxía do municipio caracterízase a grandes riscos por ser rochas ígneas ácidas: granitos de dúas micas e granodioritas biotíticas. A erosión e a alteración química acadou o seu máximo esplendor nos montes constituídos por granodioritas, orixinando pías cilíndricas, paredes lisas, bolos e penedos que configuran unha fermosa paisaxe granítica.

Nas zonas baixas en Camariñas, en Agramar, en Xaviña (entre Tasaraño e Gándara) e en Ponte do Porto aparecen chas aluviais de pequenas extensión. Nas praia do



Trece, en Arou e nas de Camelle aparecen praias antigas e rasa litoral. Así como dunas rampantes no monte Branco na praia do Trece. Duna de alto interese natural que queda perfectamente a salvagarda o estar incluída por unha banda na rede natura 2000 e por outra ao cualificar o novo planeamento todos os solos da rede natura como solos rústicos de protección de espazos naturais.

No que respecta a minería hai que salientar, outrora, dunha explotación de caolín en Mourín, na actualidade pechada.

As principais alturas do territorio son A pequena Serra de Pena Forcada separa os dous litorais e por esta serra atravesa a estrada que une Ponte do Porto con Camelle e Arou. O monte Maior en A Ponte do Porto, O Monte do Conllada en Camelle, Os montes Covas do Lobo, Alto da Tómbolo, Cova dos Lobos, Monte da Insua na parroquia de Xaviña e Monte da Croa na parroquia de Camariñas.

3.1.3. Respecto a Hidroloxía:

O principal río da comarca, o río Grande discorre soamente pola parroquia de A Ponte do Porto; onde ábrese na súa desembocadura na ría de Camariñas ofrecendo unha paisaxe de gran beleza. O río Grande ten un importante couto troiteiro.

Camariñas ademais do río Grande está sucada por un gran número de ríos e regatos, o principal río é o río Cuncheiro que vai polo val da serra dende o norte cara o sur a desembocar no río Grande. O rego Cal da Fonte na parroquia de Camelle está catalogado nunha superficie de 15,62 hectáreas como zona húmida no Inventario de Humidais de Galicia. No norte do Concello ademais do rego de Cal da Fonte desemboca o rego de Santa Mariña.

Tódolos cursos fluviais do concello, de calquera dimensión, deben estar protexidos de accións que poidan incidir na súa riqueza florística e faunística, no seu papel como corredor natural e cando atravesan os núcleos rurais e os núcleos urbanos as súas marxes son moi adecuadas para crear zonas verdes e espazos libres.

3.1.4. respecto as infraestruturas.

O territorio dispón de infraestruturas de comunicación co exterior, agora mesmo acaídas logo das obras de mellora do vial básico: a LC-432, estrada coa que se comunica co resto da Comarca e consigo mesmo de xeito absolutamente básico. O



tráfico de hoxe en día demandaba unha reforma en profundidade para dotar ao vial dunha sección transversal maior e acondicionada convenientemente nas travesías dos núcleos de poboación e dunha traza que corríxise boa parte das curvas existentes entre Vimianzo e Camariñas. En boa medida iso xa está feito.

A rede interparroquial, porén, precisa de melloras.

A rede de infraestruturas de abastecemento de auga polo xeral é acaída, agás no caso de Ponte do Porto onde só o Colexio participa da traída de titularidade municipio (aínda que xa está en proxecto e rede xeral de distribución de auga potable). A de tratamento de augas residuais precisa de melloras, sobre todo no que respecta á depuración axeitada dos efluentes denantes de seren vertidos, especialmente en Camariñas e os outros núcleos urbanos.

As redes de enerxía eléctrica e telefonía son acaídas.

Outro tanto cabe dicir, en xeral do alumeadado.

A solución definitiva ao tratamento de residuos sólidos terá que vir da man do correspondente Plan Autonómico, aínda que, provisionalmente, se poida admitir o sistema agora empregado e as súas localizacións

3.1.5. Respecto os Elementos bióticos:

A vexetación do concello é fundamentalmente matogueiras, piñeirais e eucaliptais, prados, vexetación de ribeira e a vexetación asociada a praias e cantís litorais. Así como todo a vexetación asociada os fondos litorais.

Segundo o inventario de hábitat Camariñas presenta os seguintes hábitats de interese:

Vexetación asociada a dunas e cantís litorais:

Crithmo-Armerietum pubigeræ, Rozeira ex P. Silva & Teles 1972;

Dauco gummiferi-Festucetum pruinosæ, Rivas-Martinez 1978;

Otantho maritimi-Ammophiletum australis, Gehu 1975 corr. Fernandez Prieto & T.E. Diaz 1991;

Iberidetum procumbentis, Bellot 1966;

Violo henriquesii-Silenetum littoreæ, Izco, P. & J. Guitian 1988;



Euphorbio paraliae-Agropyretum junceiformis T?xen in Br.-Bl. & T?xen 1952
corr. Darimont, Duvigneaud & Lambinon 1962 ;

Vexetación asociada a fondos mariños

Zosteretum noltii+ Harmsen 1936 .

Vexetación asociada a matogueiras

Cisto salvifolii-Ulicetum humilles, Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1964;

Ulici europaei-Ericetum cinereae, Bellot 1968;

As repoboacións forestais en Camariñas son fundamentalmente de piñeiros e eucaliptais. Na última década do século 20 repoboaronse 191 hectáreas de piñeiros e eucaliptais segundo datos do 3IFN.

Ademais toda a zona litoral da costa da morte é unha zona importantísima para as aves tanto invernantes como de paso e nidificantes. así está Cabo Vilán como zona candidata a la IBAS europea (Important Bird Areas) pola súa importante colonia ornitolóxica asentada. Os seus abruptos cantís son o refuxio de especies en perigo de extinción como o Arao común e o Cormorán moñudo ou nidifica o paíño común.

3.1.6. Protección do patrimonio natural

Rede Natura 2000 O municipio de Camariñas participa da rede natura 2000 Costa da Morte xunto os concellos de Arteixo, Cabana de Bergantiños, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo. É un treito de costa de altísimos valores paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos e faunísticos. Cunha superficie en total de 11.885 Ha.

Por exemplo nos cantís de Cabo Vilán e illas Sisargas concentran a practica totalidade das colonias de gaivota tridactica e arao dos cons de españa. Especie esta última que trala catástofe do Prestige do novembro de 2002 pode que estea extinguida a colonia.

Aparecen catro espazos catalogados no Inventario de Humedais de Galicia:

nome	superficie	UTM	UTM
Rego Cal da Fonte	15,62	491595	4781375
Camelle	36,10	492653	4780786



Enseada da Basa	69,96	486544	4777142
Ría do Porto	130,01	488807	4775523

3.1.7. Conclusións

A situación actual de Camariñas en ausencia de planeamento xeral municipal (só existe unha delimitación de solo urbano de 1981, polo tanto obsoleta) pódese cualificar de preocupante, pois nestes intres de presión inmobiliaria xeneralizada sobre a costa galega en xeral, e sobre a Costa da Morte en particular, prodúcese unha situación demográfica e inmobiliaria diverxente, pois a poboación está a baixar dende 1970 e a actividade construtiva non fai máis que medrar notablemente dende esa data, e non da mellor forma posible, pois a improvisación, as tipoloxías alleas pouco axeitadas ao entorno, e as construcións non regradas son os sistemas habituais para a súa materialización.

A taxa de paro é moi alta e parellamente existen iniciativas empresariais que non se poden materializar aquí por falta de solo clasificado e urbanizado para usos empresariais (existe unha notable demanda imposible de cubrir na situación actual e non poden levarse adiante coa actual Lei do Solo e o obsoleto planeamento), cando tamén existen iniciativas nese eido (promoción e execución de solo urbanizable industrial), pois hai unha asociación que leva anos tentando materializar esta iniciativa en terreos dos que xa son titulares en Ponte do Porto, tendo en conta que a dotación de solo empresarial sería un perfecto punto de apoio para recuperar emprego, poboación e calidade de vida. Se non se resolve esta dicotomía pola vía do planeamento podería rematar realizándose por outras vías mais rexeitables.

A situación do medio ambiente é de desprotección xeneralizada, agás nos casos concretos en que a lexislación sectorial establece proteccións xenéricas, como nos cursos de auga, nas costas, na Rede Natura, No Patrimonio Cultural, etc., pero aínda nestes casos o control da administración sobre as actuacións que se realizan é normalmente escaso debido á ausencia dun planeamento que determine con rigor os ámbitos de protección e que poida ser controlado polo propio concello como administracións máis próxima ao territorio.

A presión en primeira liña de costa para usos de acuicultura no espazo natural tamén é notable e require dunha regulación axeitada e controlada para evitar ou regular comenentemente actuacións como a realizada en Cabo Vilán.



Por último resaltamos que Camariñas é un concello cuns grandes recursos naturais. Por unha banda toda a costa integrada na Rede Natura, o cabo Vilán, o rego cal da Fonte, e Camelle e por outra banda a ría de Camariñas e a desembocadura do río Grande, presentan grandes valores ecolóxicos, naturais e paisaxísticos que cómpre conservar e preservar para as xerazóns futuras. De modo sintético destacamos os seguintes recursos naturais:

- Recursos na paisaxe da costa da morte, no faro Vilán, na paisaxe da ría de Camariñas e desembocadura do río Grande, na paisaxe de penedos e bolos graníticos na costa e nos altos do interior.
- Recursos na fauna cunha avifauna de grande interese.
- Recursos no que se refire a vexetación ademais de toda a vexetación asociada ó litoral cun alto valor botánico e ecolóxico e de interese científico, o resto da vexetación esto é os piñeirais, os eucaliptais, as matogueiras e os prados. Podemos valorar a unidade de vexetación de eucaliptal baixa, os de piñeiras máis alta o mesmo que as matogueiras e os prados posto que presentan unhas características máis complexas: unha maior diversidade específica e por tanto maior valor visual e paisaxístico.
- Nas zonas de val existen rodais de vexetación de ribeira cun indubidable valor ecolóxico. Tódalas marxes dos ríos e regatos son susceptibles de restauración da vexetación propia e dos elementos etnográficos asociados os cursos dos ríos polo que tódolos ríos poden converterse en áreas recreativas de gran valor ecolóxico, recreativo e a vez facer de corredor biolóxico entre diferentes espacios.
- Recursos enerxéticos polo aproveitamento do vento.
- Recursos turísticos no encaixe de camariñas e nos seus valores medioambientales e paisaxísticos, e recursos económicos sobre todo relacionados coa pesca, a acuicultura e o turismo.



4. FUNCIÓN DO PLANEAMENTO E PROBLEMÁTICA A RESPOSTAR.

Un concello coma o de Camariñas cun pasado histórico importante, que aínda permanece escrito nas súas rúas urbanas e rueiros rurais, na edificación das súas vilas, na das aldeas e lugares; cun espazo urbano onde viven tres de cada catro habitantes, e en tempo de verán ou períodos de vacacións, bastante xente máis; cunha diversidade de usos e intensidades notoria; un concello de dimensións medias, con case corenta entidades de poboación orixinais -aínda que hoxe menos, por absorción das máis próximas á vila de Camariñas e fusión de varias nunha soa en Xaviña-; cun litoral diverso e esgrevio e un agro concentrado; cunhas actuacións urbanísticas que esnaquizaron o modelo tradicional, con construcións fóra de escala e en moitas ocasións absolutamente ilegais require con urxencia unha ordenación do seu territorio se non se quere que o deterioro ambiental chegue a cotas irreversíbeis.

Xa que logo, a necesidade dese instrumento normativo no eido da ordenación territorial e o urbanismo, é tanto maior canto que aquí non existe planeamento xeral municipal fóra das **Delimitacións de solo realizadas nas tres vilas (Camariñas, Camelle e Ponte do Porto) e en Arou e Xaviña (seis pequenas áreas delimitadas), aprobadas pola C.P.U. de A Coruña o 29/1/1981.**

Amáis da comenencia e da necesidade están as propias esixencias de orde legal. Tanto nas Disposicións Transitorias da Lei do Solo de 1975, coma nas da LASGA, de 1985, e mesmo a Lei 1/1997 do Solo de Galicia de 24/3/1997, sinalábanse prazos perentorios para a formulación do planeamento urbanístico municipal dos concellos que carecían del. As propias N.C. e S. da provincia de A Coruña sitúan a Camariñas coma un dos concellos que teñen un alto grao de complexidade urbanística (Area 2). Por iso –e logo da entrada en vigor da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia- no tocante á figura de planeamento, a Camariñas correspóndelle elaborar, tramitar e aprobar un Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Amáis das razóns obxectivas e dos imperativos legais, hai que ter en conta as razóns dimanantes dunha vontade do Equipo de Goberno Municipal de enmarcar a súa política municipal, de acordo cun instrumento de ordenación territorial que é preceptivo -xa se dixo-, pero que, sobre todo, é oportuno, pois só se se teñen en conta todas as variábeis incidentes no territorio é que se poderá dispor dunha



guía inequívoca do que se debe e é factible facer en calquera eido da acción de goberno. Isto aínda é máis imperioso se se pretende -coma no caso de Camariñas- facer do propio territorio (os seus valores naturais e culturais) -etnográficos, antropolóxicos, históricos, etc.- un novo pilar da economía e, polo mesmo, da acción municipal.

Camariñas, igual cá maioría dos concellos da Costa da Morte deberá ter no turismo un complemento da súa economía tradicional. Hoxe en día xa é un Concello visitado, pero a ordenación actual impide sacar o debido proveito a ese fluxo. Non é suficiente que a xente veña ata aquí senón que debe permanecer neste territorio máis tempo do que hoxe o fai. Preparar a oferta axeitada para esa permanencia xa sería razón dabondo para elaborar un Plan Xeral de Ordenación Municipal.

5. MARCO NORMATIVO.

As normas e a lexislación específica e sectorial establecidas, tanto no ámbito europeo, como no estatal, como no autonómico, no comarcal e/ou no municipal sintetízanse aquí. Tratando de establecer un marco de referencias legais, e sen ánimo de esgotar a lexislación sectorial ou específica, engadimos unha relación básica da normativa que directa ou indirectamente afecta á implementación deste Plan e incidindo principalmente no aspecto ambiental.

5.1. NORMATIVA EUROPEA.

- Directiva 85/337/CEE, do 27 xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrado da contaminación.
- Directiva 97/11/CE, do 3 marzo de 1997, que modifica a Directiva 85/337/CEE.



- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no medio ambiente (DOCE núm. L 197, do 21 de xullo de 2001)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, que establece a participación do público na elaboración de certos plans e programas relativos ao medio ambiente e que o modifican no referente a participación cidadá e acceso á xustiza as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.
- Convenio de Espoo, do 25 de febreiro de 1991, ratificado pola UE, publicado no BOE do 21 de outubro de 1997.

5.2. NORMATIVA ESTATAL ESPAÑOLA.

- Lei 22/1988 de Costas
- Lei 25/1988, do 29 de xullo de 1988, de Estradas.
- Lei 4/1989, do 27 de marzo de 1989, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre.
- Lei 21/92, do 16 de xullo de 1992, de Industria (BOE do 23 de xullo de 1992).
- Lei 54/1997, do 27 de novembro de 1997, do Sector Eléctrico.
- Lei 6/2001, do 8 de maio de 2001, de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño de avaliación de impacto ambiental (BOE do 9 de maio de 2001, páxinas 16.607 a 16.616).
- Lei 16/2002, do 1 de xullo de 2002, de Prevención e Control Integrados da Contaminación.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril de 1986, sobre Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
- Real Decreto 1302/1986, do 28 de xuño de 1986, de avaliación de impacto ambiental, posteriormente modificado pola Lei 6/2001, de 8 de maio.



- Real Decreto 1131/1988, do 30 de setembro de 1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Real Decreto 1211/1990, Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres.
- Real Decreto 1812/94, do 2 de setembro de 1994, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro de 1995, que traspón a Directiva Hábitats (Directiva 92/42/CEE).
- Real Decreto Lei 9/2000, do 6 de outubro de 2000, que modifica o Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Decreto 2414/1961, do 30 de novembro de 1961, Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.
- Orde Ministerial do Ministerio de Industria, do 18 de outubro de 1976, sobre Protección do Ambiente Atmosférico.
- LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no medio ambiente.

5.3. NORMATIVA GALEGA.

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da anterior
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica.



- Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de Avaliación de Impacto Ambiental.
- Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de Avaliación de Efectos Ambientais.
- Decreto 250/1993, do 24 de setembro, de Repoboacións Forestais (Art. 13).
- Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Protección Contra a Contaminación Acústica.

6. O ALCANCE E CONTIDO DA PLANIFICACIÓN.

O alcance do PXOM do concello de Camariñas afectará ao seu Termo Municipal. Se ben é certo, que algunhas actividades reguladas nos PXOM poidan afectar nas súas repercusións aos concello limítrofes, o que de feito xustifica que a LOUPMRG determine a necesidade de establecer audiencia cos concellos limdeiros, polo tanto será no marco desas reunións onde se resolvan os posibles problemas.

En relación ao alcance, debemos dicir que este está regulado nos seguintes artigos:

- Artigo 53 Determinacións de carácter xeral,
- Artigo 54 Determinacións en solo urbano consolidado
- Artigo 55 Determinacións en solo urbano non consolidado
- Artigo 56 Determinacións en solo de núcleo rural
- Artigo 57 Determinacións en solo urbanizable delimitado,
- Artigo 58 Determinacións en solo urbanizable non delimitado
- Artigo 59 Determinacións en solo rústico
- Artigo 60 Estratexia de actuación e estudo económico
- Artigo 61 Documentación

6.1. EN RELACIÓN COAS ALTERNATIVAS.

O PXOM na fase de elaboración do ISA (informe de sostibilidade ambiental) estudaranse as alternativas e xustificarase a proposta elexida.



Estudarse unha alternativa 0 entendendo como tal, non tanto a situación actual descrita no preceptivo estudo (artigo 61) do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional, senón, á evolución da situación actual (sen o novo PXOM) nun período razoable de tempo. Este estudio entre outras cosas permitirannos coñecer as zonas con maior probabilidade de sufrir transformacións e por tanto arbitrar as medidas necesarias para correxir os impactos ambientais; aínda sin facer dita análise, por o xa comentado na descripción do estado actual, entendese que os maiores problemas de manterse a situación actual é a ocupación indiscriminada da costa con tipoloxías constructivas alleas as tradicionais provocando un grave dano sobre a paisaxe e a biodiversidade ; e ademais de promoverse un desenvolvemento non sostible e con graves disfuncións nas infraestructuras básicas.

En relación ao resto das alternativas, empregarase unha metodoloxía que se basee no cálculo da capacidade de acollida para os diferentes usos propostos no Plan Xeral, obtendo desta forma unha cartografía que clasifica a superficie municipal, segundo a capacidade de acollida para os diferentes usos propostos.

As diferentes alternativas neste contexto entenderanse como as diferentes áreas xeográficas coa mesma capacidade de acollida para un mesmo uso. E a elección dunha superficie para ese uso constitúe a alternativa elixida. Desta alternativa xustificárase a súa elección en relación co resto do territorio, coa mesma capacidade de acollida.

6.2. TIPOS DE MEDIDAS INCLUÍDAS NO PLANEAMENTO.

Toda intervención antrópica sobre o territorio de calquera magnitude ou intensidade, xera un efecto ou impacto sobre os principais parámetros ambientais que caracterizan ao mesmo. Aínda que, tales efectos poden presentar distinto signo (positivo ou negativo) e niveis de reversibilidade (ou de recuperación das condicións ambientais preexistentes á execución da actuación).

Cómpre neste sentido considerar que o novo PXOM considerou dende as primeiras etapas de elaboración os criterios de sostibilidade e minimización de impactos como se reflexa nas seguintes determinacións:



- Cumprimento dos límites de sostibilidade definidos nos artigos 45,46,47 da Lei do Solo
- Adecuación da protección dos recursos naturais a través da clasificación e cualificación do solo verificado.
- Adecuación dos solos urbanizables á capacidade de acollida para ditos solos.
- Garantir a protección de valores naturais mediante medidas concretas de protección nos solos urbanizables.

Por outra banda o novo PXOM considerou tamén necesario a obriga de establecer condicións de carácter xeral que se deberán cumprir durante a súa redacción a ter en conta desde as primeiras etapas de elaboración, para acadar os criterios de sostibilidade e minimización de impactos que se pretenden.

Así mesmo, considerouse tamén necesaria a obriga de establecer medidas que se deberán cumprir durante o seu desenvolvemento mediante planeamento secundario, ou na redacción ou execución de proxectos de obra no seu ámbito territorial, a ter en conta desde as primeiras etapas de elaboración dos respectivos Plans ou Proxectos, para acadar os mesmos criterios de sostibilidade e minimización de impactos, e a tal efecto estableceranse medidas en referencia aos seguintes aspectos, en función dos tipos de afeccións:

- Medidas de deseño do planeamento.
- Medidas a respecto da atmosfera.
- Medidas a respecto dos impactos sobre o relevo e os solos.
- Impactos sobre a hidroloxía.
- Medidas a respecto dos impactos sobre a vexetación.
- Medidas a respecto da fauna.
- Medidas a respecto dos impactos sobre a paisaxe.



6.3. OS EFECTOS AMBIENTAIS PREVISÍBEIS.

Á hora de considerar os impactos ambientais dun PXOM é conveniente facer dúas observacións.

- A posibilidade de que moitos deles sexan positivos
- concepto de impacto ambiental que debe entenderse como a diferenza de calidade ambiental entre dúas situacións, a situación “sen” Plan fronte á situación “con” Plan.

Dito esto a priori, os PXOM poden provocar tres clases de impacto.

- Impactos de ocupación
- Impacto de sobreexplotación
- Impactos de contaminación

A estes hai que engadir o que corresponde ao concepto xeneralizado de impacto: como incoherencia das actividades cos recursos endóxenos e de carácter do medio ao que se refire o Plan.

6.3.1. Impactos de ocupación.

Prevéese o seu cálculo superpoñendo a localización das actividades propostas polo plan (modelo territorial) sobre o mapa de capacidade de acollida para as distintas determinacións do PXOM. Para este cálculo, estudaranse os parámetros do medio físico con incidencia na determinación da capacidade de acollida en particular a xeomorfoloxía (altitude, pendente orientacións...) hidrolóxica, vexetación, fauna, usos...etc. Ademais dos aspectos estratéxicos ou de relación cos espazos circundantes (viais -existentes ou planeados- edificacións, afeccións por leis sectoriais -lei de costas, lei de augas....-, plans sectoriais...etc.) considerando tamén así mesmo as variables paisaxísticas.

O nivel da discordancia entre a vocación do territorio representada pola capacidade de acollida e as determinacións do Plan dará unha idea do tipo e significación do impacto, polo tanto do seu valor.



6.3.2. Impacto de sobreexplotación

Refírese esta á utilización abusiva dos recursos renovables ou non renovables.

É un impacto difícil de estimar pero o Plan propónse proporcionar especificacións detalladas sobre a concepción dos proxectos á escala do traballo do PXOM, necesariamente máis xeralistas que o planeamento sectorial que desenvólvese as execucións do desenvolvemento urbanístico.

Analízanse con especial coidado as conexións ás redes de abastecemento e saneamento, enerxía etc. Analizando as repercusións que sobre estas puidesen provocar as demandas inherentes aos desenvolvementos urbanísticos propostos.

6.3.3. Impactos de contaminación

O razoamento anterior é válido para este tipo de impacto, que depende da forma en que se conciba cada proxecto e se xestione unha vez en marcha.

O Plan Xeral, en todo caso, nas actuacións susceptibles de contaminar, esixirá o pleno cumprimento da normativa sectorial de aplicación ou a incorporación dun sistema de xestión ambiental normalizado.

6.4. AVALIACIÓN COMPARATIVA DOS EFECTOS PREVISIBLES.

A evolución previsible comparativa dos elementos vulnerables avaliando dunha banda os efectos en ausencia de intervención e por outra avaliando a intervención do presente PXOM, e o resultado pódese describir do seguinte xeito para cada tipo de elemento xa descrito con anterioridade:

Tipo de elemento	Efectos en ausencia de intervención	Efectos pola intervención do PXOM
Ríos e regatos	<ul style="list-style-type: none">- Progresión da contaminación das augas e vertidos dende os núcleos de poboación ou vivendas próximas.- Deterioro da vexetación ripícola.	<ul style="list-style-type: none">- No entorno de núcleos rurais atravesados por regatos establécense espazos libres de uso público para fomentar a súa protección, uso, mantemento e



		<p>captación de investimentos públicos.</p> <ul style="list-style-type: none">- Establécese graficamente o ámbito de protección e/ou clasificación do solo rústico protexido que facilita a identificación dos ámbitos protexidos.- Habilitación de sendas fluviais preservando a calidade espacial e vexetacional das ribeiras para conformar parques fluviais públicos con mantemento axeitado e conservación da biodiversidade.- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos aos ríos.
--	--	--



Montes e zonas forestais	<ul style="list-style-type: none">- Substitución de vexetación e arborado autóctono por especies de crecemento rápido que fomentan a extensión descontrolada da broza e consecuentemente a progresión dos incendios forestais, talas masivas e frecuentes que fomentan a perda de substrato e nutrientes, substitución de grandes superficies de arborado ou mato por viñado e outros cultivos	<ul style="list-style-type: none">- Protección como solo rústico de especial protección forestal, que limita moito os usos e o tipo de arborado, para conservar as especies forestais (preferentemente as autóctonas) e as condicións da paisaxe e o terreo natural.- Limitación de usos ou construcións impropias deste medio ou non vinculadas a explotación directa destes recursos.
Zonas de arborado autóctono	<ul style="list-style-type: none">- Substitución de arborado autóctono por especies de crecemento rápido.- Proliferación do mato ou broza que dificulta o acceso e o mantemento.- Talas máis frecuentes ou masivas con maquinaria que deteriora o substrato territorial.- Posible fomento da especulación construtiva ou urbanística nas proximidades dos núcleos de poboación.- Excesivo achegamento do arborado aos núcleos de poboación fomentando o perigo en caso de incendio.- Ausencia de protección específica urbanística.	<ul style="list-style-type: none">- Protección como solo rústico de especial protección de espazos naturais, que limita moito os usos e o tipo de arborado, para conservar as especies autóctonas e as condicións da paisaxe natural.- Evitar a proliferación de usos construtivos vinculados a explotación forestal ou cultivos.- Permite a explotación máis racional do monte e a captación de recursos para zonas protexidas de espazos naturais para o seu mantemento.- Permite fomentar actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, explotación racional dos recursos naturais, etc.
Zonas de costa	<ul style="list-style-type: none">- Abandono e deterioro por posibles accións de propietarios privados dos terreos para actividades impropias destes espazos a protexer.- Contaminación por vertidos en zonas inmediatas a este espazo.- Perda de vexetación autóctona ou substitución de especies.- Movementos de terra, peches ou usos inaxeitados e outras actuacións que deturpen as condicións deste espazo.	<ul style="list-style-type: none">- Protección como solo rústico de especial protección de costas, que limita moito os usos, para conservar as especies vexetais, as condicións topográficas e do terreo, as singularidades deste espazo e as condicións da paisaxe natural.- Establécese nalgúnhas zonas a súa consideración como espazos libres de sistemas xerais de uso público para fomentar a súa protección, uso, mantemento e captación de investimentos públicos recollidos no



		<p>estudo económico do PXOM para a adquisición dos terreos e a súa adaptación para o seu uso como espazo público mantendo as súas características naturais.</p> <ul style="list-style-type: none">- Evitar a posibilidade de usos construtivos.- Permite a captación de recursos específicos para zonas protexidas de costa para o seu mantemento.- Permite fomentar actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, explotación racional dos recursos naturais, etc.- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos nas zonas inmediatas a este espazo costeiro.- Protección paisaxística das zonas situadas entre as principais estradas e a costa.
--	--	--



Outros espazos singulares	<ul style="list-style-type: none">- Abandono e deterioro por posibles accións de propietarios privados dos terreos para actividades impropias destes espazos singulares a protexer.- Contaminación por vertidos ou lixo.- Perda de vexetación autóctona ou substitución de especies.- Movements de terra e outras actuacións que deturpen as condicións destes espazos.- Posible fomento da especulación construtiva ou urbanística nas proximidades dos núcleos de poboación.- Posible ausencia de protección específica urbanística.	<ul style="list-style-type: none">- Protección como solo rústico de especial protección do tipo que corresponda ás características do espazo de que se trate, que limita moito os usos e o tipo de vexetación ou de arborado, para conservar as condicións básicas dese espazo e as súas características naturais ou produtivas máis salientables.- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos.- Evitar a posibilidade de usos construtivos impropios.
----------------------------------	---	--

7. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADAS.

En relación á planificación sectorial implicada, coa información dispoñible na actualidade podemos afirmar que a respecto de Plans Sectoriais con incidencia no territorio do concello de Camariñas podemos sinalar os seguintes:

- **No marco do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia**, nas previsións de creación de solo industrial da Sociedade pública “Suelo Empresarial del Atlántico” (SEA, SL), organismo participado pola “Sociedad Estatal de Participaciones Industriales” (S.E.P.I.) nun 85%, e polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (I.G.V.S.) nun 15%, contéplase o desenvolvemento dun cativo polígono industrial de 50.000 m² perto da vila de Camariñas (se o comparamos coas necesidades neste eido dun concello como este).
- **No marco do Plan Sectorial Eólico de Galicia** (Aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de outubro de 1.997, e modificado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de decembro de 2.002) desenvolvéronse tres Parques eólicos en Camariñas:

Parque de Cabo Vilán.

Parque de Peña Corneira.



Parque do Vilán.

- **No marco do Plan Sectorial de Parques de Tecnología Alimentaria na Costa Galega**, promovido pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (aínda que descoñecemos o estado actual da súa tramitación), establécense como previsión en Camariñas varios parques de acuicultura:
 - A.3.9.1. Parque Número 16, Punta do Corno.
 - A.3.9.2. Parque Número 17, Camelle.
- **No caso do medio natural**, aquí existen varias zonas de notable interese natural, unha delas recollida e recoñecida como tal como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e incluído entre os ámbitos que conforman a proposta de Rede Natura xa ratificada inicialmente polo Parlamento Europeo, o LIC e ZEPA Costa da Morte, situado ao norte do concello, que abrangue uns 11.400.000 m² dentro do T.M. de Camariñas, que foi declarado como tal o 19/06/2003.

Existe ademáis un conxunto de normativa sectorial que provocan servidume e limitacións de dominio que afectan a: estradas, augas, costas, portos, ferrocarril, canalizacións hidrocarburos (líquidos ou gaseosos) instalacións industriais e agropecuarias, instalacións de telecomunicacións, instalacións eléctricas de alta e media tensión, montes, protección de espazos naturais, protección de patrimonio e outros como cemiterios, farmacias, gasoleiras vertedoiros, minas.

O novo PXOM deberá acreditar o cumprimento destas servidumes ou limitacións.

7.1. OS EFECTOS PREVISÍBEIS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO, E SOBRE A PLANIFICACIÓN RELACIONADA.

En relación cos efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, é necesario, primeiro determinar cales son os elementos estratéxicos. Para iso remitímonos ao anexo 1 punto f da propia LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente que establece como elementos a considerar no estudo dos probables efectos significativos no medio ambiente os seguintes:



A biodiversidade	O aire
A poboación	Os factores climáticos
A saúde humana	Os bens materiais
A fauna	O patrimonio cultural, incluído o patrimonio histórico
A flora	A paisaxe
A terra	A interrelación entre estes factores.
A auga	

Nesta fase inicial do estudo non é posible determinar os efectos previsibles, nin tan sequera o signo xa que, as accións típicas dun Plan ten efectos, incluso contrapostos e só nas fases máis avanzadas do estudo, se pode determinar o balance global.

En relación co patrimonio cultural e histórico o Plan debe establecer de acordo co artigo 53 de LOUPMRG un Catálogo de elementos que polos seus valores naturais ou culturais, ou pola súa relación co dominio público, deban ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.

A figura dos catálogos desenvólvese no artigo 71:


1. Os catálogos son instrumentos complementarios dos Plans que teñen por obxecto identificar as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles ou outros elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar.
2. Os instrumentos de planeamento conterán obrigadamente un catálogo no que se identificarán os núcleos rurais, inmobles, construcións, instalacións ou outros elementos existentes de carácter tradicional en solo rústico, ou conxuntos destes, que merezan ser obxecto de especial protección por razón dos seus valores culturais, históricos, artísticos, arqueolóxicos ou etnográficos, tales como vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, igrexas, pontes, xacementos arqueolóxicos e outros.
3. O planeamento deberá prever as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos bens incluídos no catálogo.
4. O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

Polo tanto a protección co citado patrimonio quedara garantido coa elaboración do preceptivo Catálogo.



8. PROCESOS A SEGUIR PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.

O desenvolvemento dun Plan atópase expresamente determinado polo disposto no capítulo II da LOUG: “Elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación”, en concreto no Artigo 85: “Procedemento de aprobación do Plan Xeral” detállase o seu proceso de aprobación. Recollemos de forma esquemática o contido do citado Artigo.





Este esquema é naturalmente sen considerar a tramitación que proceda da aplicación da LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas o de calquera outra norma que a desenvolva.